

Vida de Eduardo Pondal Abente

Ponteceso, 1835—A Coruña, 1917

- ◆ Nace na comarca de Bergantiños nunha familia de ascendencia fidalga.
- ◆ Estudou en Santiago de Compostela o bacharelato de Filosofía e a carreira de Medicina.
- ◆ Durante a súa etapa universitaria foi un dos organizadores do Banquete do Conxo (2 de marzo do 1856), en que recita un poema en castelán.
- ◆ **1862**: Publica o seu 1º poema en lingua galega, *Campana de Anllóns*, no *Álbum de la Caridad*, resultado da 1ª edición dos Xogos Florais de Galicia.
- ◆ Exerceu como médico un breve lapso de tempo, pasando a escribir o resto dos seus días.
- ◆ No 1867, a través de Murguía, coñece os poemas épico-célticos do escocés James Macpherson, unhas das súas influencias fundamentais.
- ◆ Publica *Rumores de los pinos*, poemario composto por 21 poemas (8 en castelán, 11 en galego, 2 nas dúas), no 1877.
- ◆ **1886**: ve a luz ***Queixumes dos pinos***, obra unicamente galega, que inclúe a maioría dos poemas anteriores, traducidos ou relaborados cando cumprir, e outros novos. A obra terá unha segunda edición póstuma (1935).
- ◆ **1890**: escribe ***Os pinos*** a petición do músico Pascual Veiga, considerado himno de Galicia desde a súa representación n'A Habana no 1907.
- ◆ Desde o 1893 en adiante colabora n'A *Cova Céltica*, tertulia rexionalista e coruñesa encabezada por Murguía e dinamizadora da Real Academia Galega.
- ◆ O seu longo poema épico narrativo, inspirado n'*Os Lusíadas* de Camões, ***Os Eoas***, édítase no ano 2005.

Obra de
Eduardo Pondal Abente

Ponteceso, 1835—A Coruña, 1917

Queixumes dos pinos (1886)

SALVAGE VAL DE BRANTÓA

(Biblioteca Virtual Galega)

(...)

N' hé a vellez a que causa
O fondo dolor que sinto;
Pois que son do tempo voso,
Carballos de *Carballido*:
Suidades de non sei qué,
Recordos quezáis do espírito,
D' aIgunha perdída pátria,
Ou d' antigo ben perdido,
N' esta peregrinación
Miña, van sempre comigo;
E son os meus compañeiros,
No traballoso camiño,
Suspiros por non sei quén,
E por non séi qué suspiros.

(...)

CANDO OS DUROS MACHÁDOS

(Biblioteca Virtual Galega)

Cando os duros machádos,
Feren os altos pinos;
E cáen con estrondo,
No chan de Bergantiños;
Non cáen, non, en vano,
Cal gigantes erguidos;
Sin gloria, e sin renóme,
Non seus eidos bravíos:

Mais ó caer, ceibando,
Os ulidores piños,
S' espallan na debesa,
Po-Io mato nativo;
E da semente s' érguen.
Descendentes altivos.

Así, cando caéran,
Aqueles destemidos;
De nobres ideáles,
Os bóos peitos enchidos:
Non caéran en vano,
En oprobioso olvido;
Coma o vulgo dos homes,
N' escuridade estintos.

Mais o chan empapando,
Do sangue escrarecido,
Os campos de *Suévia*,
Dos celtas nobre asilo;
Non cedéran a morte,
E deixáran altivos,
Perdurabre semente,
De vingadores fillos.

Déspotas insensátos,
Forxá, forxáde grillos;
Pode oprimir ó ferro,
Un corpo enfraquecido;
Mais as nobres idéas,
E gloriosos instintos...
Eses... non pode, non, o duro ferro,
Nin a morte, extinguilos!

SOBRE O GALLO DO PINO

(Raña, 1995: 91)

Sobre o gallo do pino,
sin cuidar do destino,
o azor co fero grito o aire inunda;
e, fatigado da diuturna razia,
descansa da súa vida vagamunda.

Pasado o tempo ledó,
baixo o rudo penedo
o lagarto descansa debuxado
e da necesidá dura e punxente
se esquece, e do traballo xa pasado.

Tódolos feros brutos,
escamosos e hirsutos,
féita-las crúas, sanguinosas probas,
achan repouso nas profundas augas,
descanso atopan nas salvaxes covas.

Mais do xenio mudabre,

o ánimo indomabre
n'acha descanso, non.
iQuezais se axita nel o espírito insomne
do ánxel da primeira rebeldía!

A LINGUA TIVERAN

(Raña, 1995: 96)

A lingua tiveran
por lingua de escravos;
esqueceran os patrios acentos,
suidosos e brandos.

Dos propios acentos
tiveran vergonza;
de cautivos falaran palabras,
de servos e ilotas.

Deixaran os doces
acentos xocundos,
por estrañas palabras de servos,
ignaros e escuros.

A nai afrixida
da escura miseria,
os propios tomara
por xente estranxeira,
e espantada escuitara dos fillos
a plática serva.

CANDO XAZAN DO CISNE

(Dobarro Paz *et alli*, 1988: 45)

Cando xazan do cisne
os febrentos desposos
sobre do verde da ribeira escura
e xa non se ouza o canto harmonioso,
non sepultés ao vago
onde o eterno sono
dorme a escura e comun vulgaridade,
nin en leito sumptuoso
onde movan combate ousadamente
matéria e soberbísimo decoro.

Volveo á nai antiga
naquel val saudoso
en donde o seu nativo, amado río,
correndo pouco a pouco,
da peregrinación antiga sua
e do longo traballo acha repouso.

Que diga o mariñeiro,
rudo fillo do Osmo,
ao entrar pola Barra,

volvendo o escuro rostro:
"Ali xaz o que fora
noutro tempo cantor do eido noso".

AS ALMAS ESCRAVAS

(Dobarro Paz *et alli*, 1988: 46)

As almas escravas
de ideas non grandes,
van pensando mil cousas femíneas,
molentes e infames.

Mil sonhos forxando,
que o ánimo agóbian;
arrastrando infamantes cadeas,
cal brandos ilotas.

Espíritos brandos,
espritos muliebres,
sedentários, que lenta consome,
e mórbida, a febre.

Mais a alma do bardo,
enérxica, ousada,
que audaz libertade
tan soo soña e ama,
vai pensando en propósitos férreos
que ergueran a patria!

OS PINOS

[Lectura](#)

[Musicalización tradicional](#)

[Musicalización El Puto Coke](#)

Poemas soltos

A FALA

(Raña, 1995: 97-98)

Nobre e harmoniosa
fala de Breogán,
fala boa, de fortes
e grandes sin rival;
ti do celta aos ouvidos
sempre soando estás
como soan os pinos
na costa de Froxán;
ti nos eidos da Celtia
e co tempo serás

un lábaro sagrado
que ao trunfo guiará,
fala nobre, harmoniosa,
ifala de Breogán!

Ti, sinal misterioso
dos teus fillos serás
que p'lo mundo dispersos
e sin abrigo van;
e a aqueles que foran
nunha pasada edá
defensores dos eidos
contra o duro román
e que aínda cobizan
da terra a libertá,
nun pobo nobre e forte,
valente, axuntarás,
iouh, fala harmoniosa,
fala de Breogán!

Serás épica tuba
e forte sin rival,
que chamarás ós fillos
que aló do Miño están,
os bos fillos do Luso,
apartados irmáns
de nós por un destino
envexoso e fatal.
Cos robustos acentos,
grandes, os chamarás,
iverbo do gran Camoens,
fala de Breogán!